



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
IES Manuel García Barros

Rúa da Cultura, s/n  
36681 A Estrada (Pontevedra)  
Tif 986590104 / Fax: 986571478  
ies.garcia.barros@edu.xunta.es  
www.iesgarcia Barros.org



## INFORMACIÓN TIC PARA PAIS E NAIS DO IES MANUEL GARCÍA BARROS

A Coordinación TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) do IES Manuel García Barros quere informalo do seguinte:

- Está a disposición dos pais, nais e responsables legais do alumnado a aplicación para smartphones “**Abalar Móbil**”. A partir dela poderán acceder, entre outros, aos seguintes servizos básicos relacionados co alumno/a:
  - Faltas de asistencia.
  - Cualificacións académicas.
  - Solicitude de cita co titor/titora do alumno/a.
  - Mensaxes informativas por parte do profesorado, titor e equipo directivo.
- Para instalar no seu teléfono a citada aplicación deberá empregar o enderezo seguinte:

Smartphone Android

[http://play.google.com/store/apps/details?  
id=es.xunta.edu.abalarmobil](http://play.google.com/store/apps/details?id=es.xunta.edu.abalarmobil)



Smartphone Iphone

<http://itunes.apple.com/es/app/abalarmobil/id660608502>



- Información complementaria:
  - Guía sobre o manexo da aplicación Abalar-Mobil:  
[http://abalar.iesgarcia Barros.org/documentos/guia\\_abalar\\_mobil.pdf](http://abalar.iesgarcia Barros.org/documentos/guia_abalar_mobil.pdf)
  - Guía de navegación segura para pais e nais:  
<http://abalar.iesgarcia Barros.org/documentos/guia-navegacion-pais-nais.pdf>

A coordinación TIC do IES Manuel García Barros

A Estrada, xuño de 2020

# INFORMACIÓN CONTAS G SUITE PARA CENTROS EDUCATIVOS

Dende o esforzo que no IES Manuel García Barros estamos realizando pola incorporación das TIC (Tecnoloxías de Información e da Comunicación) ao ensino, aproveitamos para informalo ou recordarlle que utilizamos G Suite para Centros Educativos. G Suite para Centros Educativos son o conxunto de ferramentas de produtividade educativa de Google (Gmail, Calendar, Documentos, Classroom, etc.) que utilizan dez millóns de alumnos e profesores de todo o mundo. No IES Manuel García Barros o alumnado utilizan as súas contas de G Suite para completar as tarefas, comunicarse cos seus profesores e aprender as destrezas dixitais do século XXI.

En correspondencia co anterior solicitamos o consentimento para poder dar de alta ou seguir proporcionando e xestionando unha conta de G Suite para Centros Educativos para o seu fillo/a, polo que lle pedimos que cumplimente e entregue asinada a presente folla:

D./na. \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_  
como pai, nai ou representante legal do/a alumno/a  
do curso \_\_\_\_\_,

*autorizamos a que o IES Manuel García Barros proporcione e xestione unha conta de usuario de G Suite para o meu fillo/a, conta que leva asociados unha serie de servizos principais e adicionais que se empregarán sempre con fins exclusivamente educativos, o cal fago extensivo a todo o período de escolaridade do meu fillo/a no IES Manuel García Barros, co anterior tamén aceptamos expresa e conscientemente que os datos derivados de dita conta de G Suite para Centros Educativos poden ser transferidos internacionalmente aos países onde se atopan os servidores de Google Inc. e, que poden non ter un nivel de protección xurídica de datos personais equiparable a España nin tampouco posúa garantías axeitadas para o seu tratamento. Así mesmo recoñecemos estar informados da posibilidade de revogación de dita autorización en calquera momento comunicándoo ao centro.*

A Estrada, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo: \_\_\_\_\_ Asdo: \_\_\_\_\_  
(Representante legal do/a alumno/a) (O/a alumno/a)

**NOTA: Debe asinar a nai, pai ou representante legal do/a alumno/a (se o alumno/a é menor de 14 anos) e o propio alumno/a**